NON SE VAI, NON SE VAI.

Francisco Fernández Filgueira, traballador veterano da Bazán do Ferrol, dirixente obreiro despedido na Folga de Marzo de 1972, recén volto do esilio, morréu.

F. Filgueira foi membro do Comité Central e do Comité Executivo do PCG.

Fidel á clase traballadora e ó seu ideal, sofreu represalias e persecucíos que afectaron negativamente a súa saude, deica o fatal desenlace de onte.

En nome de todos os comunistas galegos querémoslle decir ós seus familiares e ós traballadores ferrolenos todo o que choramos a perda do noso camarada.

O pobo traballador galego fará honor a súa memoria, ó seu exemplo, erguendo aínda máis a bandeira de liberación que él tanto axudóu a levantar.

!Adeus Paco, nós continuamos!

Comunicado do Secretariado do Partido Comunista de Galicia.

Galicia, 3 de Setembro de 1976.

a voz do pobo

¡ proletarios de todo-los países unídevos !

órgao do partido comunista de galicia

ANO VIII Nº 11 11 de Setembro de 1976 10 pesetas.





A obra de Mao

(páx.8)



.E cando veña o recaudador ti xa sabes: NON PAGAR

«EL PUEBLO GALLEGO» ¿O SERVICIO DE QUE INTERESES?

En Vigo a xente xa está acostumbrada a que a policía mete octevillas e faga pintadas pra confundir a opinión, en plan de desprestixier ós homes máis representativos do movemento obreiro.

A novedade consiste en que esta vez, Juan Francisco M. HERRERA, director de El Pueblo Gallego -diario de escasísima tirada, tanto que é inferior é do noso xornal A VOZ DO PCSD, periódico clandestino-, prestóuse a publicar en primeira páxina unha disas octavillas policiales contra os traballadores e as súas CC.OO.

Estamos diente dun caso extrem de corrupción profesional.

Como era de esperar o diario da Prensa do Movimiento non publicóu a carta que en resposta as difamaciós escribiron os direxentes obreiros afectados: Waldino, Eduardo, Manel, Porriño, etc. Foi dada a conocer nas empresas co título: A NOSA REPLICA, polas propias CC.OO.

Corrupción por poñer a línea editorial ó servicio da policía.

Falla de ética profesional por non respetar o dereito de réplica.

Perguntámonos nós: ¿cal é a opinión dos traballadores e redactores de "El Pueblo Gallego" sobor distes feitos?.

Non pode ser máis que de repudio, e igual decimos de que poidan ter os periodistas en xeral, e os outros directores de periódicos: quenes cóidanse moi ben de reproducir papeles de orixe e fin tan turbio como o caso que nos ocupa. Mesmo outros periódicos do Movimento non teñen chegado tan lonxe como o señor Juan Francisco M. HERRERA.

O "affaire" é verdadeiramente escepcional.

Pero, aínda hai máis !El Pueblo Gallego non é nin do señor director nin do Movimiento!

¿Ou non é verdade que foi requisado no 36 á familia Portella Valladares que lle dera unha sone galeguista e democrática ben grande?.

A prostitución de "El Pueblo Gallego" escomenzóu en 1936. E todo mundo sabe cando vai rematar : cando conquistemos a democracia. O lector comprendera moi ben logo porque o señor Herrera colabora con tanto entusiasmo con bunkerianos, verticalistas a punto de coller o retiro, falanxistas cheos de medo e demáis chupóns da dictadura.

Difamando a CC.OO. e ós traballadores pensan retrasar o advenimento das libertades.

!Apañados van!

¿QUE E O COMUNISMO?



Despóis de sair da cadea Simón Sanchez Montero, membro do Comité Executivo do Partido Comunista de España, pasóu uns dias de vacaciós en Galicia na compaña da súa muller.

Aínda asi, Simón non deixóu de banda a súa incansable aitividade. Asi mantivo unha reunión co Comité Local de Vigo e outra cos comunistas de Arousa. Estivo presente, xunto con Armando Lopez Salinas, membro do Comité Executivo do PCE e Santiago Alvarez, na espléndida conferencia que deu Xesús Alonso Montero no Auditorio da Caixa de Aforros viguesa sobor do xornalismo en lingoa galega.

Mostróuse moi interesado pola nosa cultura e asi o vimos mercando libros na nosa lingoa na Feria do Libro de Vigo, onde non deu dabondo a firmar exemplares da súa derradeira obra "¿Qué es el comunismo?."

Máis de duas horas e media, hastra que pechóu a Feria, estivo atendendo as colas de camaradas, traballadores e demócratas que levarón o libro a firmar. En varios stands esgotáron se os exemplares. Vendéronse entre 1000 e 2000 unidades. Un éxito de verdade moi satisfatorio politicamente falando. Máis de un quedóu pasmado de que houbera tenta xente -a maioría non eran do Partido- interesada en saber ¿qué é o comunismo?.

EDITORIAL

DESPOIS DA XUNTANZA DO DIA 4

A xuntanza e os acordos do 4 de setembro son o acontecemento unitario e democrático máis importante desde a constitución de Coordinación Democrática, xunto co logro da amnistía parcial.

Xusto é calificar a reunión de histórica. O que non quer decir que non quede camiño por andar.

O planteamento de que a negociación co Poder seña protagonizada públicamente polo conxunto da oposición, de que o obxeto do pacto seña a ruptura democrática e non a reforma que Suárez anda a ver si resucita, de impulsar as movilizaciós pacíficas populares - tarefa dos prósimos meses-, recibíu o espaldarezo do encontro máis amplio que nunca fixere a oposición democrática española.

As diversas instancias unitarias quedan xa, por fin, coordinadas.

Quén no acudíu a Madrí é por qué non lle preocupe nin moito nin pouco a unidade da oposición cara á ruptura democrática, ou porque confía máis nas posibilidades inmediatas da reforma. Non se esplica doutro xeito.

!Os pobos e nacionalidades de España sí lle interesaba a democracia e a unidade!

Unha das virtudes do 4 foi que supuxo un golpe demoledor contra o sillagionismo dos nacionalismos estraitos. Como galegos temos que laiernos da ausencia nunha reunión tan capital para Galicia de 2 grupos políticos: a UPG e o PGSD. O carácter burgues do PNV, que tampouco se presentóu, e das forzas que impediron que asistira o Consell de Catalunya, fai menos comprensible a actitude distes grupos que din defender programas mesmo "máis radicales" que o propio Partido Comunista.

A postura dos que queren dar "soluciós" ós problemas das nacionalidades por separado, ou sin unidade democrática a todos os niveles, contrasta coa madureza da decisión de gran maioría das forzas políticas vascas, galegas, catalanas, e españolas en xeral, de ofrecer a loitar por unha alternativa política global, que reconoza os dereitos políticos das nacionalidades.

A pesares de presentarse en duas plataformas unitarias a oposición galega reflexóu unha imaxe da unidade o día 4.

"Coincidiendo en los puntos expuestos por A Táboa en cuanto al reconocimiento de las autonomías.."Decía El País ó día seguinte do Consello de Forzas Políticas galegas ó falar sobor sa súa intervención.

O Consello, representado polo PSG, o MCG e o PCeG, non defendéu nin planteamentos federales nin medidas de nacionalizaciós imposibles cara á ruptura democrática. Tampouco atacóu as demáis forzas presentes. Sempre que isto se faga a unidade galega quedará ceib de obstáculos.

Agardemos que a xestión da representación do CFPG e os resultados do "cúmio" do dia 4 señan ratificados axiña polo plano diste orgaismo.

Véñense abaixo, diste xeito, as opiniós derrotistas sabor da unidade que denuncia a derradeira Declaración do CE do PCG. O proceso unitario galego seguirá a paser por intres de distanciamento e intres de achegamento. Pero máis alá dos enfrentamentos impoñeráse a unión, porque a necesidade e a realidade sempre rematan por ser aceptadas.

A OBRA DE MAO
(dá páx.6)

PCE(m-1) e á OMLE-PCE(R).

O proceso do "maoismo", español ou europeo, non lle quita nin unha coma a todo o que levamos afirmado encol da revolución china: todo o contrario, pois o que demostra é que cada Partido ten que topar o seu propio camiño sin medo de esplorar algúns polos que ninguén pasóu antes, sin medo do equivocarse, sin quedarse nas repeticiós estériles de tal ou cal modelo revolucionario.

Facer iso é de verdade seguir as enseñanzas de Mao e de todos os que fixeron trunfar a revolución proletaria no mundo.

S.N.

DECLARACION DO PLENO DO COMITE EXECUTIVO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

Xunto con certo ambente de diálogo e tolerancia por parte do Poder cara á oposición, están proliferando de novo síntomas de endurecemento.

O Goberno Suárez, que principióu liberando a certo número de presos políticos, acaba de denegar o pasaporte a Dolores Ibárruri, Santiago Carrillo e a outros esiliados; acaba de denegar o permiso, o Gobernador Civil de Ourense, ás Comisiós Campesiñas de Galicia pra manifestarse o día 5 en Ribadavia contra o pago da cuota empresarial da Seguridade Social Agraria.

Por ise camiño, coa política reformista que xa demostróu dabondo a súa esterilidade, o Goberno vai fracasar moi rápidamente.

O precedente é claro.

En beneficio do país debe impoñerse nos medios efectivos do Poder, no seo do propio Goberno Suárez, a necesidade de negociar a ruptura democrática co conxunto da oposición de todo o Estado, sin perder nin un soio día máis.

4 DE SETEMBRE

O encontro do 4 de Setembre entre as instancias unitarias das nacionalidades e rexiós, Coordinación Democrática e forzas políticas, adequire daquela unha enorme trascendencia política.

Si deste encontro resulta, como é de desexar, un órgano de negociación, onde estén presentes Galicie, Euskadi e Catalunya, con mandato pra negociar co Goberno, ademáis de supoñer un paso importantísimo no artellamento da oposición democrática a nivel do Estado, achegaría en grande medida á ruptura pactada, á democracia pra todos, á estabilidade democrática do país.

Libertade de aición pra todas as forzas políticas e sindicales sin esclusiós, formación dun Goberno Provisional Democrático que presida as eleciós libres e recoñecemento dos dereitos das nacionalidades, serían os tres puntos esenciales que a oposición en bloque tería que defender na negociación co Goberno. E non cada partido ou nacionalidade por separado, pois a ruptura e a democracia ou se dan a nivel de Estado, e pra todos, ou non se dan.

Fuxindo, de calquera "illacionismo" Galicia ten que estar presente, cunha delegación o mais homexénea, representativa e unida posible, o día 4 en Madrí e, si é caso, na negociación posterior pra que non se repita a esperencia de 1.931 e pra que sexa recoñecido, dende o primeiro intre e simultáneamente con Catalunya e Euskadi, a súa autonomía política.

Moi difícilmente acadará Galicia o seu Goberno Provisional na ruptura si queda á marxen da negociación e da alternativa democrática a nivel do Estado.

O Partido Comunista de Galicia non aceptará pasivamente calquera discriminación de Galicia na hora da transformación democrática.

O Partido Comunista de Galicia entende que toda subestimación por parte do movimiento nacional-democrático galego da democracia política como a súa meta, do ouxetivo clave da ruptura democrática, é sumamente peligrosa pra Galicia e a súa causa nacional.

As forzas políticas verdadeiramente galegas teñen que asumir pública e sinceiramente a loita pola sufraxio universal, a súa defensa futura e o respeto dos seus resultados.

O logro da democracia pluralista é fundamental pra que Galicia adiante —e aínda culmine— o proceso de súa liberación nacional e social.

A UNIDADE DOS GALEGOS

Alertamos, unha vez máis, a tódos os galegos sobre das graves consecuencias que a falta de unidade plena das forzas de oposición pode traer a Galicia e o seu futuro inmediato.

O risco de oportunismo é real.

A lexítima láboura de cada partido por enfortecerse e gañar influencia pode facernos esquecer que a nosa función é defender os intereses xerales de Galicia.

Un partido ou forza democrática que neste hora crucial non se definira espl...

...ociós dos nosos labregos moi particularmente.

Visto que o día 15 deste mes comanza unha nova cobranza, eisiximos: unha amnistía fiscal pra os campesiños que suspenda os embargos por deudas do impostos, e a anulación xa da cuota empresarial da Seguridade Social Agraria.

Os campesiños galegos non poden pagar ista cuota sin tampouco deben facelo, o "non pagar" colectivo é a forma de loita que se impón pra conquerir unha verdadeira Seguridade Social Agraria galega.

Dbutra banda, unimos a nosa voz a quenes veñen reclamando medidas en defensa dos montes que están sendo queimados en beneficio de intreses moi concretos, os máis favorecidos son os capitalistas que deste xeito compran a madeira a baixo precio ou sustituien os pinos por eucaliptos.

CC.CC. e demáis organizaciós agrarias democráticas terían que porse de acordo na concreción da ruptura sindical agraria e no artellamento da unidade sindical no campo sobre a base da libertade de asociación pros campesiños.

Neste senso, saludamos ós elementos positivos da recente declaración das Camaras Agrarias.

PLENO AMPLIADO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

O Pleno do Comité Executivo do PCG acorda solicitar autorización gubernativa pra celebrar en Galicia o Pleno ampliado do Comité Central e cuios membros pensá propoñer a discusión sobre da situación política e dos movementos de masas galegos, o problema nacional galego, organización e PCG de masas, composición de C.C. i elección, si procede, de novos membros pro C.E.

Decídese inviter a forzas democráticas galegas e personalidades relevantes da vida política e cultural á sesión pública do órgano másimo do Partido entre Congreso e Congreso.

MEDIOS INFORMATIVOS E DEMOCRACIA

O papel da prensa e da radio no logro da libertade de espresión, dunha vida política propiamente galega, no logro da democracia e da unidade galega sigue sendo moi importante.

Os comunistas galegos rendimos homaxe a esta contribución e animamos ós profesionales do periodismo galego a seguir na mesma direción.

Mentras a prensa non sexa libre e os partidos poidamos editar legalmente os nosos periódicos e revistas, os diarios de empresa vense solicitados, e oxidamos que obrigados, a informar sobre das opiniós e aitividades dos partidos e forzas sindicales ainda non legales.

A presión oficial, a censura, non xustifican totalmente as posturas discriminatorias que algúns medios practican cara as opiniós e comunicados do Partido Comunista (cuia representatividade obreira e popular ninguén nega hoxe en Galicia) e, se cadra, cara a outras forzas do esquerda.

Posturas discriminatorias que coinciden coas do Poder continuista e que, no mellor dos casos, é froito de 40 anos de hábitos antidemocráticos.

Somos conscentes de que soio a democracia, que ainda non esiste en España nin en Galicia, porá fin a ista situación anormal. Nesa loita estamos as forzas democráticas e os pobos de España.

Vigo, 1º de Setembre de 1976

O Pleno do Comité Executivo do Partido Comunista de Galicia.

A OBRA DE MAO

(da páx.8)

combinación do estudio e a aición, de teoría e reflexión e a práctica da loita de clases.

A historia do movemento obreiro internacional e do marxismo é impensable sin deterse na estraordinaria esperiencia china e na obra de Mao.

Custión aparte é enxuiciar isa caricatura que se chamóu "maoismo" que tentóu aplicar, pola vía do transplante, letra a letra, o que puxeron en práctica os comunistas chinos en China á realidade de hoxe ¡en Europa!

Os grupos "maoistas" que se formaron en España nos anos 60 seguiron vieiros diferentes: uns foron madurando i evolucionado a posiciós achegadas ó Partido, tal é o caso de MC, PT, e ORT; outros estancáronse nas tesis "pro-chinas", sobre todo na de querer aplicar "a vía armada", e casi desapareceron ou pasan por unha situación pouco clara ...; referímonos ó FRAP...

(á páx.3)

citamente pola unidade galega ou non adicare o fundamental do seu esforzo pra conquerila, sería descalificado polo pobo e pola historia.

O pobo galego quer a unidade.

Galicia necesita hoxe ou xativamente unha soia voz democrática que a represente e oriente.

Sería faltar á verdade, e unha auténtica irresponsabilidade, afirmar que de inmediato a unidade é imposible en Galicia e que polo tanto pasa a primeiro plano a confrontación (suicida) entre as forzas da oposición.

A TABOA DEMOCRATICA DE GALICIA, FACTOR DE UNIDADE

Como é sabido A Táboa veu retrasando a súa constitución formal nos derradeiros meses pra favorecer ó másimo a creación dun órgao único da oposición galega.

Pero, a urxencia de que Galicia dispuxera dunha alternativa cara á ruptura democrática, máis amplia que a Xunta Democrática de Galicia, e coincidente coas alternativas políticas a nivel das outras nacionalidades e a nivel do Estado, levóu a 9 forzas políticas e sindicales galegas a vencellarse con ese fin no camiño da conquista dun organismo único.

O vieiro máis corto pra chegar a ese único organismo coidamos que pasa, tal como están as cousas, polo apoio masivo do pobo e da opinión pública galega á Táboa, ó seu programa e as aspiracións unitarias que representa.

A Táboa é factor de unidade:

a) Polo peso decisivo do movemento obreiro galego: CC.OO., U.S.O., e U.G.T., nela.

b) Polo realismo do seu programa de ruptura. O Estatuto do 36 como base provisional de partida é o punto de converxencia posible hoxe entre a dereita democrática influida polo reformismo, que discrimina a Galicia, e os grupos de esquerda masimalistas que plantexan solucións imposibles a corto plazo.



c) Por ser, hoxe, a plataforma maioritaria da oposición galega, con todas as responsabilidades e posibilidades que eso implica.

OUTONO QUENTE

O movemento obreiro e popular aprèstase a movilizarse en defensa dos postos de traballo, contra a carestía da vida, pola readmisión dos despedidos —amnistía laboral—, pola libertade e unidade sindical, polas libertades políticas pra todos.

O Partido Comunista en razón da súa caraiterística esencial de partido obreiro e popular e por estar convencido da que o protagonismo do pobo na conquista da democracia é decisivo, loitará en primeira fila por estas lexítimas e urxentes demandas mentres non encontren satisfación.

Protagonismo popular quer decir exercicio ordenado dos dereitos democráticos de folga e manifestación: son eisixidos precisamente pra facer uso pacífico deles.

Unha das garantías do carácter pacífico da ruptura é xustamente a participación popular na mesma.

A aición de masas e a negociación compleméntanse mutuamente: son dous intres do mesmo proceso.


O exemplo da loita das masas pola Amnistía demostra que as movilizacións populares pacíficas facilitan enormemente os progesos cara a democracia.

Reivindicacións políticas que están a pasar a primeiro plano da aitualidade como Goberno Provisional Democrático, Estatuto de Autonomía,..., han de ser asumidos en manifestacións e folgas igual que ven ocurrindo coa reivindicación de Amnistía. Isto, por razóns políticas mais tamén sociales, pois sin democracia, sin ruptura democrática, é absurdo pensar agora en encetar a solución da crise económica e social que conmove ó país.

APOIO O CAMPO

Reiteramos o noso apoio aitivo as xustas reivindi-

SANTIAGO CONNOSCO (crónica)



No medio de atroadores aplausos e ós berros de "Santiago amigo, o pobo está contigo", " P-C-Ga", Santiago Alvarez, secretario xeral do noso Partido, foi recibido na estación de ferrocarril de Vigo o día 10 de agosto por miles de persoas entre as que se atopaban o Pleno do Comité Executivo do Partido e representantes de diversas forzas políticas da oposición que quixeron manifestar a súa solidaridade co noso camarada.

Rodeado pola xente que non deixaba de saudarlle e abrazarlle, Santiago, que tiña chegado directamente de Madrí onde estivo preso na cárcel de Carabanchel, pronuncióu unhas verbas agradecendo iste recibemento e siñalando que había que seguir loitando pola consecución da amnistía total pra todos os presos políticos, especialmente os patriotas vascos, e a volta dos esilados sen esceución e tamén pola unidade de todas as forzas da oposición galega.

Novos aplausos e berros de "Amnistía Total", "Santiago amigo, o pobo está contigo", "P-C-Ga" e o canto do Hino Galego pecharon a concentración da primeira aparición pública de Santiago Alvarez en Galicia, logo de 40 anos.

Isa mesma noite estaba prevista unha cea de homaxe a Santiago que a autoridade gobernativa prohibíu rodeando a Garda Civil o lugar onde íbese celebrar. Uns días máis tarde Santiago visitóu o seu pobo natal: O Barco de Vadeorras, onde tiña saído cando era un rapaz nos primeiros meses do ano 30.

Nova prohibición pola autoridade gobernativa pra celebrar un acto de benvida, máis non poido evitar que todo o pobo saira a recibilo e Santiago tivo que recorrer todalas casas ante as invitacións que facíanlle os seus conveciños.

Xusto é recordalo que no ano 45, cando Santiago foi preso e condeado a morte en Madrí, todo o pobo do Barco de Valdeorras mandoú un telegrama ao gobernador eisixindo a súa inmediata liberación. Iso é unha boa mostra do respeto e cariño que goza Santiago entre os seus veciños e da solidaridade destos.

No pobo de Perlío, perto de Ferrol iba ter lugar un mitín o sábado, 4 de setembro no que falaría Santiago e máis outros camaradas do Comité Executivo.

As amenazás "anónimas" de bomba no local onde iba se dar o acto "xustificaron" que a autoridade gobernativa voltara a prohibir un acto onde o noso camarada Santiago tiña previsto intervir.

A pesares da prohibición máis de mil persoas agardaban no pobo de Perlío a Santiago que foi recibido con fortes aplausos e berros de "Santiago amigo, o pobo está contigo".

Santiago dirixíuse ós presentes agradecéndolles a súa presencia e manifestando a súa protesta pola prohibición do acto sinalando que aititudes arbitarias e discriminatorias coma íste por parte do poder non revelan un propósito sinxelo de acadar a democracia, máis ben, de perpetuar por outros medios situacións pasadas que o país xa non está disposto a tolerar polo que cabía fortalecer a unidade de todos aqueles que sinxelamente estén coa democracia pra Galicia, xa que ningúen nos a vai a regalar, pola contra haberá que conquerila.

O día 7 do setembro tiña se prevista a celebración dunha conferencia por Santiago Alvarez no Ateneo de Ourense que tamén foi prohibida. Os membros do Comité Local do PCG manifestaron nunha roda de prensa "Queremos facer a nosa protesta pola discriminación de que está sendo obxeto o Partido Comunista de Galicia coa prohibición sistemática de actos protagonizados por nós". Na mesma roda de prensa, Santiago Alvarez sinalóu que "a repetición de prohibicións como unha reminiscencia do pasado franquista".

Denantes de pechar este número, a autoridade gobernativa non tiña concedido o permiso pra celebración

A OBRA DE MAO

As exencias de noticias informan pouco do que acontece na República Popular China. Cando o fan é ofrecendo unha imaxe interesada e caricaturizada de divisiós e loitas intestinas no PC Chino. Quérese decir que non é moito o que conocemos da realidade dun pobo que levou a cabo a revolución máis grandiosa despóis da Revolución Francesa e da Revolución de Octubro.

A morte de Mao Tse Tung, Presidente do PC Chino, motiva unhas reflexiós encol da súa obra máis conocida por nós: o período que vai desde a fundación do Partido dotca a toma do Poder en 1949, e anos posteriores.

Mao fixo posible máis que ningún outro militante a transformación do PC Chino, nunha interrelación dialéctica coas mases traballadoras e as coiunturas políticas concretas, nun Partido que soupo afacerse as condiciós específicas chinas aplicando de xeito orixinal e creador, non dogmático, o marxismo, e loitando pola independencia do Partido respecto dun centro do movimento comunista internacional, sin por elo romper as relaciós con Stalin e o PCUS.

Con Mao na súa direción o PC Chino foi un exemplo de habilidade táctica: cando foi menester pactóu con Chan Kai Check, burguesía e terratenientes, ós seus nemigos de clase, pra resolver a contradición principal que pasaba entón pola loita contra o invasor japonés.

Foi un exemplo de Partido de liberación nacional sin abandonar o marxismo nin caer no nacionalismo.

Foi un exemplo de capacidade crítica e autocrítica; severidade na denuncia de defectos e deformaciós, axilidade no reconocemento dos erros e prós cambios de rumbo.

Foi un exemplo de sabiduría da ligarse ás masas en todo intre. Aparte da defensa da línea de mases, a obra escrita de Mao é unha brilente demostración de cómo hai que escribir e falar sinxelamente, pras masas, non sólo pra unha élite de vangarda. Pra facerse entender mellor, Mao acudía ás parábolas –"O vello tonto que removéu a montaña"– metáforas i expresiós vivas no pobo e na súa tradición histórica.

Foi un exemplo de educación dos cuadros do Partido obreiro-campesiño na

(á páx.6)

(de páx.7)

dun acto que tería lugar o día 10 no Pabellón de Deportes da Cruña no que falarían Santiago Alvarez, Rafael Pillado e Rafael Sáez.

O Partido Comunista de Galicia fai a súa máis enérxica protesta polo intento arbitrario e discriminatorio por parte do poder de impedir que unha forza real cun peso específico real na sociedade galega exprese libremente a súas ideas. Non se construie unha democracia, señor Suarez, con feitos antidemocráticos. Marxinar ao Partido Comunista de Galicia, como a calquer outra forza democrática é marxinar a democracia, e nos estaremos sempre contra os nemigos da democracia.

Corresponsal

-VOLTAR DO ESILIO-

O sábado, 4 de setembro, tivo lugar en Vigo unha cea na que asistiron vellos e novos compañeiros de loita pra celebrar o retorno á patria de Ramón González (Moncho, de Barreras) e outros camaradas, do esilio.

Despóis dunhas verbas de benvida dun membro do Comité Local do PCG tomaron a palabra os homenaxeados quenes manifesteron que endaxamáis sentíronse desvencellados da loita pola conquista da libertade e o socialismo en Galicia polo feito de estar fora dela; que a súa contribución a isa meta foi solo unha gota de auga nese oleade que hoxe percorre ó país, contribución que onte coma hoxe, éles, comunistas galegos, estarán sempre dispostos a dar. Moncho pedíu ós presentes uns minutos de silencio en lembranza do camarada Filgueira. O personal do establecemento sumóuse a dito xesto.

Ao final cantáronse canciós revolucionarias, Benavides recitóu a poesía "O duro", rematándose co Hino Galego e a Internacional.

A volta de todos os esilados sen escepción sigue constituíndo hoxe unha tarefa esencial pra todos os loitadores pola democracia.

● ● ●

O NOSO FEDERALISMO

A Constitución da II República non foi nin federal nin federable. Os comunistas imos defender na libertade que a forma do Estado democrático español seña republicana e federal. As autonomías de Galicia, Euskadi e Catalunya non abondan, ó noso parecer, pra garantizar: o libre desenrolo nos eidos cultural político i económico das nacionalidades hoxe oprimidas; a igualdade política entre elas e, sobre esta base, a unidade democrática, voluntàriamente decidida, dos españoles.

O que diferencia esencialmente unha auténtica Constitución Federal dun réxime de autonomías é que néste temos un Estado central e unhas "rexiós" autónomas, cuns dereitos, máis ben limitados, que non reciben –no caso de España– o trato de naciós nin están representadas como tales en plano de igualdade nos órganos estatales tanto executivos como lexislativos.

Nunha federación daríanse, entón, órganos e competencias federales, e órganos de poder e competencias propias a cada nacionalidade, maiores que as que, polo regular, reconoce un Estatuto de Autonomía que apareca como unha concesión do Estado central.

Na democracia, a traveso dun tempo de discusión i esclarecemento das diversas alternativas: centralismo, autonomía, federación, independencia,.., e mediante o uso do dereito da autodeterminación deberán decidir os pobos de España o artellamento difinitivo do Estado.

No período provisional, que media entre a ruptura democrática e as eleciós libres e/o a consulta popular sobre da forma do Estado, que non ha de ir máis alá duns meses, as 3 nacionalidades españolas terían que se rexir por un réxime transitorio de autonomías basado nos Estatutos históricos.

¿Por qué?

1) Porque os cataláns, vascos e galegos loitaremos en vangarda e apoiaremos ó futuro Goberno Democrático na medida en que empece a dar soluciós ós nosos problemas específicos.

2) Porque si se mantén o centralismo franquista non haberá estabilidade democrática nin as libertades políticas serán completas e verdadeiras.

3) Porque mal imos construir un Estado federal si as naciós asoballadas continuen baixo a bota da burocracia centralista. Mentras que si Galicia, Euskadi e Catalunya comparecen no proceso constituínte con Gobernos e Parlamentos autónomos dende o primeiro intre: a consecución dunha federación aparece como posible, como un obxetivo serio e realizable.

Polo tanto, no intre histórico concreto de hoxe, a unidade da oposición debe darse ó redor da reivindicación dos Estatutos. Uns tirarémos mañan pola federación, outros quedaránse na autonomía e aquí outros si lles peta, propoñerán a separación (independencia).

Os verdadeiros federalistas loitamos agora pola autonomía. E máis difícil loitar hoxe polo Estatuto que facer declaraciós federalistas. E o que resulta pior: Hai quen fala a cotío de federalismo..! e non apoia a batalla polos Estatutos de Autonomía!

¿ Incomprensible? Non, porque a vida política obséquienos todos os días con demagoxias de todos os coores. A esperiencia das masas e a práctica democrática porá cada cousa no seu sitio.

Os que escriben ou falan de autodeterminación e federalismo onde hai que por autonomía i Estatuto, fan igual que aquiles que nos decían que eramos "reformistas e revisionistas" por loitar pola libertade "esquezéndonos do socialismo". Pasado o tempo iles mesmos comprenderon e puxeron en práctica a regla táctica – i estratexica– de que o primeiro é lograr as libertades. Cousa semellante está a suceder co tema do Estatuto: o primeiro é conquerilo. ●



PRIMEIRO MITIN DA XCG



Yolanda Fernández Rodríguez

Un miller de xóvenes enchía o salon de actos do Instituto Masculino da Cruña o sábado, 21 de agosto, pra escoitar a cinco membros do Comité Local da Xuventú Comunista Galega que baixo o lema "A Xuventú Galega Cara a Libertá", desenrolaron diversos aspectos da problemática que hoxe afecta á xuventude galega.

En todo o salón había diversas pancartas que facían alusión as reivindicaciós máis sentidas da xuventude galega: "Amnistía xeral", "Ensino popular", "Por un posto de traballo na nosa terra", "Polo servicio militar na nosa terra", "Maioría de edade e dereito ao voto ós 18 anos," "Democratización do deporte", eran algunhas deles.

Escomenzóu o acto Yolanda Fernández Rodriguez quen trazóu unha ollada xeral da xuventude galega no intre aitual; Xoan Fernández Lopez falóu dos problemas que afectan a unidade da xuventude asi como da necesidáde de superalos cara ó seu propio fortelecemento na antesala da democracia; Xurxo Meixe Xulio desenrolóu o problema do ocio e da cultura; Miguel Martínez Rodriguez abordóu o Estatuto do 36 coma un marco político provisional no vieiro da autodetermínación e Ramón Rodriguez Pazos siñalóu as tarefas a levar adiante pola xuventude cara a democracia.

O acto foron invitadas diversas orgaizaciós políticas da xuventude galega: Mocedades Galegas Revolucionarias, Mocedades do Partido Socialista Galego, Unión de Xuventudes Maoistas, Xoven Garda Roxa, Xuventudes de Bandeira Roxa, Círculo Xoven Revolucionario que, a traves dos seus representantes tamén fixeron uso da palabra.

Asistiron tamén dous membros do Comité Local da Cruña do Partido Comunista de Galicia: Victoria Diaz Cabanelas e Ricardo Carral. Pechóu o acto Xoán Abad, membro do Secretariado Político da Xuventú Comunista Galega.

Ao remate cantóuse o Hino Galego por todos os presentes.

[illegible]

COMUNICADO DE PRENSA

Presidido polo Secretario Xeral do Partido, Santiago Alvarez, reunfuse en Ourense os días 29 e 30 de Agosto o Pleno do Comité Executivo do Partido Comunista de Galicia co seguinte orden do día:

1º.- Situación política
2º.- Perspectivas da Unidade Galega
3º.- Cara a Conferencia do P.C.G. pola liberación da muller.

Os comunistas galegos defínimos por un movimento femenino de masas, galego, democrático, independente, unitario e pluralista.

4º.- Cara ó Pleno ampliado do Comité Central do P.C.G.
5º.- Cuestiós concretas de Organización.

O Partido Comunista de Galicia sigue loitando pola Amnistía total. Esiximos logo a posta en libertade dos presos galegos na cadea da Cruña, dos presos vascos e de todos os que continuan en prisión por feitos de intencionalidade política.

Protestamos pola negación do permiso pra que Santiago Alvarez poidera dar unha Conferencia en Valdeorras, de ondo é orixinario, á volta da cadea de Carabanchel, e pola disolución do mitin da Xuventude Comunista Galega no Ferrol.

Na mesma línea represiva que contradice as afirmaciós do aitual Goberno e a súa suposta vontade negociadora, denunciamos a disolución das I Xornadas do Ensino en Ourense e da manifestación autorizada dos veciños de Encrobas na Cruña, que foi reprimida no intre mesmo de cantar os manifestantes o Hino Galego.

O final da xuntanza decidíuse dar a conocer unha Declaración.

Vigo, 1º de Setembre de 1.976

